

## **SESIÓN ORDINARIA DE 19 DE XUÑO DE 2.009**

Na Casa Consistorial de Outeiro de Rei, sendo as trece horas e cinco minutos do día dezanove de xuño de dous mil nove, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. José Pardo Lombao, e asistencia do Secretario Titular, D. José María Vázquez Pita, reuníronse os Srs. Concelleiros D. José Yebra Amorín, D. Luís Varela Pérez, D<sup>a</sup> Pilar Méndez Lombao, D. Serafín Vázquez Arias, D<sup>a</sup> Sandra Abeledo Sánchez, D. Miguel Ángel López Varela, D<sup>a</sup> Vitoria Fernández Vigo, D. José Manuel Carral Méndez, D. Arcadio Lombao Román e D<sup>a</sup> Dulce María Neira Fraga, co obxecto de celebrar a presente sesión ordinaria.

Aberto o acto pola Presidencia, pasouse ao exame dos asuntos comprendidos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

### **1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS PLENARIAS CELEBRADAS OS DÍAS 24 DE ABRIL E 28 DE MAIO DE 2009.**

Ponse de manifesto ós membros da Corporación as actas das sesións plenarias celebradas os días 24 de abril e 28 de maio de 2009, cuxas copias se remitiron aos Concelleiros adxuntas a notificación da convocatoria da presente sesión.

Sométese a votación a aprobación das citadas actas. Realizada a votación, quedan aprobadas pola unanimidade dos membros presentes da corporación.

### **2.- APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO PARA O EXERCIZO 2009.**

Iníciase o debate polo sr. Alcalde, que expón e defende o proxecto de orzamento xeral para o exercizo 2009, en base as seguintes ideas:

- O actual contexto de gravísima crise económica, que implica un forte descenso dos ingresos municipais derivado da moi forte caída da actividade económica.
- A forte redución das partidas orzamentarias da Administración Central para o financiamento das entidades locais, xa que a participación do Concello de Outeiro de Rei nos Tributos do Estado se reduxo nun 6% anual, e que implica unha perda de recadación de 70.000 euros.
- O importante esforzo inversor que, pese a estas circunstancias, afronta o Concello de Outeiro de Rei neste orzamento, e que se traduce nunha inversión de 1.701.203 euros, e que continúa a liña netamente inversora que caracteriza este goberno municipal.

- A escasísima carga financeira do Concello, que apenas representa o 1,16% do orzamento municipal, e que evidencia a responsabilidade e austeridade do goberno municipal na xestión económica do concello. Son moi poucos os concellos que poden disfrutar dunha situación de endebedamento tan baixa.
- O compromiso do Concello de Outeiro de Rei coa creación e mantemento do emprego, xa que nun contexto de redución de man de obra, o concello segue a manter o mesmo grao de ocupación.
- E por último, o mantemento da progresiva mellora na calidade na prestación dos servizos municipais, e a pesares da redución de ingresos e de non acudir a concertación de operacións de creto.

Por todas estas razóns, solicita o apoio na aprobación de este proxecto de orzamento, que alcanza a contía de 4.496.233 euros, acadando unha contía moi semellante ao do exercizo anterior.

A continuación fai uso da palabra o sr. Arcadio, voceiro do Grupo Municipal do BNG, que destaca que a información suministrada no avance da liquidación do exercizo 2009 únicamente se refire a vertente de gasto, e non de ingresos, e que podería anticipar un desaxuste entre previsións de ingresos e ingresos recoñecidos igual ao que aconteceu no exercizo anterior.

Por outra banda, no tema de inversións, destaca que a inversión estrela do orzamento; a pavimentación da urbanización RA-49, que acada unha contía de 1.006.000 euros, financíase na súa totalidade con cargo a cuotas de urbanización a pagar polos veciños de Triacua. Cree que esta inversión, que teñen que facer obrigatoriamente ditos veciños, hincha artificialmente o orzamento de inversións do concello, pese a que non a financia.

Se quitamos esta inversión dos veciños de Triacua, o orzamento de inversións do concello quedaría reducido a 634.000 euros, que representaría entre o 14% e o 17% do orzamento total.

Finalmente, e ao igual que fai cada ano, denuncia o agravio comparativo que se produce na asignacións das subvencións nominativas, xa que mentres a Sociedade Deportiva Matela recibe 1700 euros e o Club de Fútbol de Bonxe 3.150 euros, a Sociedade Deportiva de Outeiro de Rei recibe 17.000 euros. Solicita unha explicación sobor esta diferenza de subvencións aos diferentes equipos.

Intervén o sr Varela, voceiro do Grupo Municipal do PSdG-PSOE, que asegura que presentar un orzamento a estas alturas é dar conta da xestión realizada na metade do exercizo e facer previsión da outra metade.

Ista situación tamén se deu no ano anterior, que pese a tardía aprobación do orzamento, a liquidación arroxou uns números pavorosos de desfase orzamentario e que se definían no informe da intervención como “graves desequilibrios coyunturales”.

Entrando no contido do orzamento, destaca que os gastos correntes se manteñen tan elevados como no exercizo precedente. Considera que manifestaría unha capacidade de xestión alta o feito de que os gastos de capital se incrementasen respecto dos gastos correntes, e neste proxecto de orzamento non é así.

Tamén fai referencia a importancia que as obras a financiar polos propietarios do RA-49 ten sobor o total da inversión orzamentaria, xa que acadan o 1.006.000 euros.

Pregunta a qué se pretenden destinar as contías de obras sen determinar que se reflecten no orzamento.

Tamén solicita que lle aclaren quén vai a financiar a cota de 245.000 euros para a execución da obra de conexión do polígono de Matela co vial LU-115. asemade, solicita información sobor os ingresos que proceden de transferencias de familias e institucións sen ánimo de lucro, e que na liquidación do exercizo anterior foron de 0 euros.

Asemade, solicita información acerca dos destinatarios e tramitación da partida 481 adicada a premios, investigación e becas, que no ano anterior figuraba cunha contía moi baixa.

Pregunta porqué non se fixo un cadro de persoal, tal e como se fixo o ano pasado, que permitía identificar as retribucións e funcións de cada traballador do concello.

Resposta o sr. Pardo Lombao nos seguintes termos:

O Concello de Outeiro de Rei asumirá a execución das obras de urbanización do RA-49, xa que así llo pediron a meirande parte dos propietarios afectados, a vista de que a situación do promotor auguraba que ditas obras de urbanización non fosen rematadas axeitadamente.

Como é lóxico, ditas obras as financiarán os propietarios, xa que son eles os que resultan patrimonialmente beneficiados pola execución de ditas obras de urbanización.

Por outra banda, nos últimos anos recolléronse nos orzamentos ingresos desta natureza, en consonancia co papel que o Concello desempeña no desenrolo municipal. En tanto se trata de obras xestionadas polo concello, que se fan no concello e que consisten na execución de servizos de competencia e propiedade municipal, é lóxico que se reflecten no orzamento municipal.

No que respecta as queixas de que non figura a liquidación de ingresos, informa que non é necesaria a súa presenza na documentación do orzamento, e que as diferencias documentais respecto do orzamento anterior débense ao recente cambio de Intervención.

No relativo as subvencións aos equipos de fútbol, insiste en que en numerosas ocasións explicou que a diferenza de importes das axudas se debe a que o equipo de Outeiro de Rei representa a todo o Concello, e que se atopa nunha categoría superior. Aínda así, a achega que se lle concede é bastante inferior a que conceden outros concellos gobernados por outras forzas políticas e con equipos de igual categoría.

Acusan ao equipo de goberno de levar con retraso o orzamento ao Pleno, e asegura que non pode ser doutro xeito, xa que unha parte moi importante dos orzamentos municipais se nutren de transferencias da administración central e autonómica, e ata ben pouco ninguén se puxo en contacto co concello para adiantar as contías a transferir.

Aluden dende a oposición aos gastos correntes, e contéstalles que gastos correntes son abastecemento e evacuación de auga, alumado público, mantemento de estradas... etc. E nos propoñemos manter os gastos correntes porque queremos conservar a calidade dos servizos, mentres que vostedes pretenden o contrario. En calquer caso, comparen a porcentaxe de gastos correntes deste concello cos de outros concellos gobernados por vostedes e despois falamos.

Por último, explica que existen partidas de obras sen determinar porque a estas alturas non está comprometido todo o orzamento, e poden xurdir obras non previstas e de necesaria execución, como entra dentro de toda lóxica.

Abre o segundo turno de intervencións o sr Varela, voceiro do PSdG-PSOE, que insiste nalgúñas cuestións plantexadas e non contestadas, e expón que non pode prestar apoio a un orzamento no que se inclúen algunhas partidas de ingresos coma a partida de IBI de rústica, xa que este concello ten un tipo impositivo superior ao mínimo, que implica unha recadación de apenas 35.000 euros, que non é moito para o concello pero si para os gandeiros e agricultores.

Significaría estar dacordo, tamén, coa taxa de enganche de auga, cuxa desproporción xa se expuso noutras ocasións, así como da taxa por licencia de primeira ocupación, que xa rexeitamos, non pola contía, senón polos criterios de repercusión as persoas.

Tampouco se pode estar dacordo co feito de que o millón de euros que costa rematar o RA-49 vaia ser financiada por uns poucos propietarios (ao igual que os 245.000 euros da conexión do polígono de Matela coa estrada LU-115), e que implica que preto dun 30% do orzamento se financia por uns poucos propietarios.

Por último, o seu grupo bota de menos que non se incorpore un cálculo dos postos de traballo que se derivarán da execución do orzamento.

Toma a palabra o sr Arcadio, en calidade de voceiro do Grupo Municipal do BNG, que insiste en que a achega que se orzamenta para o equipo de Outeiro de Rei cuadriplica a prevista para os equipos de Bonxe e Matela.

Defende que ningún equipo representa mellor que outro a Outeiro de Rei, e de feito os equipos de Bonxe e Matela teñen xogadores de Outeiro.

Recórdalle ao Alcalde que debe ser o Alcalde de todos, e representar a todos, e non a uns si e a outros non.

No tocante a inversión do RA-49, alega que ésta é unha inversión que deben afrontar os veciños obrigatoriamente, e que financian os veciños, polo que non debería estar reflectida nos orzamentos municipais, e que non se prevese dita inversión veciñal,

o esforzo inversor propiamente municipal se reduciría ao 14% do total. (624.000 euros sobor máis de catro millóns de euros).

Por outra banda, a aportación da liquidación dos ingresos, se ben non necesaria, sí sería convinte para estudar a adaptación das previsións do proxecto de orzamento co ritmo da súa execución real.

Resposta o sr. Pardo Lombao que poden pedir a liquidación tódalas semanas, pero recorda que fai unha ou dous semanas se trouxo aquí a liquidación do orzamento 2008.

Facía referencia a que o informe de Intervención puxo de manifesto que a liquidación do orzamento do ano 2008 expresou un gran desfase conxuntural. Iso é certo, e a causa non é outra que o feito que, mentres o Concello fixo un gran esforzo para mater as inversións e os servizos, as outras administracións non fixeron esforzo algún, reducindo en gran medida a financiación municipal.

Esta redución das aportacións autonómica e estatal a financiación local foi denunciada fai poucos días polo presidente da FEGAMP e da Diputación de Pontevedra, e aseguraban que hai moitos concellos ao borde de non poder pagar nin as nóminas.

Ésta é a situación a que nos levou o Goberno da nación e aqueles que o apoiaron na investidura, que nos últimos cinco anos dilapidou unha situación económica herdada moi boa. E deso deben responder ante os cidadáns.

A oposición parécelle pouca a inversión orzamentada, e o sr. Alcalde pídlle que compare con outros concellos, que extraigan porcentaxes de inversión sobor os orzamentos antes de falar.

Critican, asemade, que se prevea a execución polo Concello das obras de urbanización do RA-49, e recórdalle aos membros da oposición que a meirande parte de dos propietarios afectados pediron ao Concello que xestionase dita urbanización para poder sair do problema.

A situación a que se chegou no RA-49 débese a política realizada polo Goberno central e o anterior Goberno autonómico, que a base de atacar aos promotores chegou a esta situación de desamparo dos particulares que queren acceder a unha vivenda e a unha situación económica catastrófica. Pero o Concello de Outeiro de Rei non vai deixar na estacada a estos propietarios e por iso, cando os veciños pediron ao Concello que lles axudase asumindo a xestión do polígono mediante o sistema de cooperación, o concello accedeu.

E ditas obras financianse con cargo a cuotas de urbanizacións dos propietarios porque ditos propietarios decidiron investir nese polígono e por iso a legislación lles atribúe a obriga de urbanizar.

No relativo as subvencións aos equipos de fútbol, recorda que a Xunta de Galicia ou a Deputación Provincial non outorga a mesma subvención a tódolos equipos, nin por igual aos equipos do concello de Outeiro de Rei, outórgalle a uns equipos si e a outros non e por contías distintas. Nos axudamos a todos os equipos, e non sólo con esos cartos

anuais, senón tamén coa construción e mantemento das instalacións deportivas, xa que os catro campos son e se manteñen polo concello, con unhas condicións aceptables, bos vestiarios e alumado nocturno.

Respecto do estudo dos postos de traballo a xenerar informa que non é un documento necesario do orzamento, e que o realmente importante non é facer dito estudo, senon prever inversións e manter o nivel de emprego existente, que é a línea na que vai o presente orzamento.

Facía referencia o voceiro do PSdG aos impostos municipais, e recorda o sr. Alcalde que na campaña electoral o PSdG estivo a prometer por todo o concello que ían reducir a taxa de enganche da auga, e que devolverían o cobrado aos que a pagaron no seu momento.

Casi todo se pode facer, pero iso conlevaría necesariamente unha redución do gasto e, inevitablemente, unha redución dos servizos.

Asemade, en tanto a financiación das outras administracións públicas ao concello depende do esforzo fiscal, esta redución tamén acarrearía unha redución das transferencias da administración central e autonómica.

Polo tanto, non é viable reducir a presión fiscal municipal, de por sí baixa, e é impresentable propoñer esta redución cando a verdadeira presión fiscal é a dos impostos estatais que, por outra banda, se incrementou moitísimo nos últimos anos.

É unha vergoña que por un lado se asegure que hai que reforzar a administración local, como a máis próxima aos cidadáns, e por outra banda se lle recorten os fontes de financiación.

Fala o voceiro do PSdG do IBI de rústica, e o sr. Alcalde lle asegura que é o imposto que, con moito, ten menor incidencia nos agricultores e gandeiros. O que realmente sangra aos gandeiros son as decisións dos gobernos socialistas na UE, e que levaron a este sector ao borde da auténtica quiebra.

Din dende o PSdG que a taxa de enganche de auga debería ser máis barata, e o sr. Alcalde dí que lle gustaría que fora gratuita, pero iso implicaría que a meirande parte do termo municipal non tivese este servizo, tal e como sucede en moitos concellos gobernados polos socialistas.

A implantación de servizos necesita financiación. Dende este concello se promoveu unha boa e completa instalación de servizos que xenerou un gran crecemento, moi por riva dos concellos do entorno e de características similares. Se se desexa crecemento se necesitan servizos, e si se queren servizos se necesita financeiros. E a financiación obtense a través das taxas que, por outra banda, non acadan a cubrir os custes reais dos servizos.

Culmina solicitando o voto para o proxecto de orzamento, polo seu realismo, pola súa baixa taxa de endebedamento, polo seu esforzo inversor e polo seu compromiso na creación e mantemento do emprego, e todo iso nun escenario de gravísima crise económica.

Sométese a votación a seguinte proposta de resolución:

- “Aprobar privisionalmente o orzamento xeral do concello para o exercizo 2009, pola contía coincidente do estado de gastos e ingresos de 4.496.233 euros, e integrado polos seguintes documentos:

Memoria explicativa de 26 de maio de 2009.

Informe da Interventora municipal de igual data.

Informe económico-financieiro da Interventora municipal.

Anexo de subvencións nominativas para o exercizo 2009.

Estado de ingresos e gastos.

- Aprobar a relación de postos de traballo e plantilla municipal para 2009.
- Aprobar as bases de execución do orzamento para o exercizo 2009.”

Realizada a votación, a proposta resulta aprobada con seis votos a favor e cinco votos en contra.

### **3 e 4.- ALTERACIÓN DA CALIFICACIÓN XURÍDICA E PERMUTA DE UN TRAMO DE CAMIÑO EN VILELA E EN SOBRADA.**

Dada a similitude dos asuntos a tratar nos puntos 3 e 4 da orde do día, o sr. Alcalde propón debatir e votar conxuntamente ambos puntos se non existe inconvinte por ningún concelleiro.

Non manifestándose oposición, trátanse conxuntamente ambos puntos da orde do día.

Inicia o debate o Alcalde explicando as propostas de desafectación e permuta.

No suposto da proposta relativa a Vilela, o novo trazado implica unha mellora do tráfico rodado e da configuración das parcelas dos propietarios. No suposto da desafectación en Sobrada, o expediente pretende regularizar unha situación de feito xa consumada, xa que o tramo de camiño afectado xa non existe dende hai anos, xa que se desviou polo seu actual discurrir.

O voceiro do PSdG-PSOE advirte que existe un erro no plano aportado polo solicitante da desafectación en Vilela, xa que non ten constancia de que existe unha construción adosada ao lindeiro, e pregunta se tería algunha repercusión este erro.

O Alcalde sinala que efectivamente, non ten constancia da existencia desta edificación adosada ao lindeiro, pero que non tería repercusión a súa posible existencia, xa que quedaría fora de ordenación, non só polo seu retranqueo ao camiño, senón polo retranqueo ao lindeiro.

O sr. Varela solicita, respecto do camiño de Sobrada, que a desafectación se extenda tamén ao tramo existente entre as parcelas 391 e 297, xa que o acordo ao que se

chegou no seu momento entre os veciños da parroquia e o anterior Alcalde implicaba a supresión de todo o tramo de camiño e o asfaltado do tramo actual.

O Alcalde corrixe ao voceiro do PSdG, recordándolle que non houbo tal acordo do Concello, xa que de existir tal acordo sería innecesario traer agora este asunto a este pleno. Tampouco se falou coa totalidade dos veciños da parroquia, senón cos máis directamente afectados.

Por outra banda, se quere desafectar o outro tramo de camiño o que debe facer e solicítalo por escrito, coma fixeron os demais interesados, para que se efectúe a tramitación debida. Anticipa que, a priori, non atopa impedimento para a desafectación.

Rematado o debate, sométense a votación as seguintes propostas:

“1- Desafectar o tramo de camiño público que discurre entre as parcelas 96, 97, 95 e 422 do polígono 9 do Concello de Outeiro de Rei, así como a simultánea afectación ó dominio público viario dunha franxa de terreo de cinco metros de ancho a discurrir polo vento norta da parcela 94, de xeito que garanta a continuidade viaria.

2- Desafectar do tramo de camiño público que discurre entre as parcelas 142 e 394 do polígono 107 do Concello de Outeiro de Rei, así como a simultánea afectación ó dominio público viario dunha franxa de terreo de cinco metros de ancho a discurrir polo vento norta da parcela 142, de xeito que garanta a continuidade viaria.”

Efectuada a votación, a proposta resulta aprobada por unanimidade dos membros presentes.

#### **5- DACIÓN DE CONTA DO EXPEDIENTE DE XENERACIÓN DE CRÉDITOS POR INGRESOS.**

A solicitude do sr. Alcalde, o sr. Secretario dá conta do expediente de xeneración de créditos por ingresos 1/2009.

#### **6- DACIÓN DE CONTA DA SOLICITUDE DO PLAN CONCERTADO PARA O EXERCIZO 2009.**

A solicitude do sr. Alcalde, o sr. Secretario dá conta da solicitude do plan concertado para o exercizo 2009.

E non habendo máis asuntos a tratar, o Alcalde levanta a sesión, sendo as catorce horas e cinco minutos, da que eu, Secretario, extendo a presente acta.

O Secretario

VºBº; O Alcalde

Asdo.: José María Vázquez Pita. Asdo.. José Pardo Lombao.